

BIBLIOTECA

A biblioteca estará aberta todas as tardes (excepto os martes) tanto para alumn@s como para nais/pais para lectura, realización de tarefas escolares, pintar ou xogos de mesa. O alumnado de 1º a 4º deberá estar acompañado polo seu pai/nai ou titor/legal. Horario: de 16:00 a 17:00 horas. O alumnado de 5º e 6º pode asistir só.

ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

Equipo directivo: Todos os días de **9:00 a 9:50** e de **13:15 a 13:50**.

Orientación: Xoves e venres, con cita previa.

Profesorado: Martes de 16:00 a 17:00, con cita previa.

REUNIÓN XERAIS DE TITORÍA:

- **17** de setembro: **1º, 3º e 5º** (de 16:00 a 17:00 horas)
- **24** de setembro: **2º, 4º e 6º** (de 16:00 a 17:00 horas)

- As reunións realizaranse na aula de cada grupo para que as familias coñezan a distribución da mesma.
- Respetaranse rigorosamente os horarios de entrada e saída ás reunións.
- Só estarán os titor@s nas reunións. A directora asistirá á reunión de 1º para dar a benvinda e solventar dúbidas relativas á organización do centro.

CEP PLURILINGÜE SANTA TEGRA CURSO 2024-25



TELÉFONOS

Secretaría: 886120228/ Aulas: 886120227

E-mail: cep.santategra@edu.xunta.gal

BO CURSO 2024-2025 A TOD@S!!!

BENVIDA

Comezamos un novo curso escolar con moita ilusión e ganas. Tanto o EQUIPO DIRECTIVO, formado por Estela Castro García (directora) e por María Rodríguez Otero (Secretaria), como o resto do profesorado e persoal do centro, centrará todos os seus esforzos en garantir a seguridade tanto física como emocional do alumnado. Agardamos que toda a comunidade educativa colabore e se apoie para facer deste centro o mellor que poidamos.

Nesta circular ofrecémoslles aspectos informativos de interese para tod@s.

CALENDARIO ESCOLAR (DOG 23 de abril 2024)

- Comezo das clases: 11 de setembro
- Nadal: Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro (ambos inclusive)
- Entroido: 3, 4 e 5 de marzo
- Semana Santa: Do 14 ao 21 de abril (ambos inclusive)
- Día do ensino: 31 de outubro
- Remate das clases: 20 de xuño
- Será ademais no lectivos un día a determinar polo Consello Escolar: **2 de maio.**

AVALIACIÓNS

As familias recibirán, durante o presente curso, información sobre as cualificacións e informes individualizados do alumnado nas seguintes datas:

- ❖ **1ª Avaliación: 20 de decembro**
- ❖ **2ª Avaliación: 27 de marzo**
- ❖ **3ª Avaliación: 24 de xuño**

Os boletíns coas cualificacións enviaranse nunha funda de plástico. As familias deberán devolver, debidamente asinadas, as matrices dos boletíns informativos das avaliacións no interior da funda.

Ademais do boletín de notas, as familias recibirán un informe individualizado do seu fillo/a onde se reflexen aspectos relativos á súa evolución académica e persoal (aspectos socio-emocionais).

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

ENTRADAS E SAÍDAS:

- ❑ O horario das clases é de 9:00 a 14:00. **Prégase puntualidade!**
- ❑ O portalón principal, a porta lateral e a porta traseira abríranse ás 8:50. Para a saída, só se abrirá o portalón principal e a porta lateral ás 13:50 e pecharase ás 14:10.
- ❑ O alumnado colocárase en filas no patio cuberto e subirá ás aulas co profesorado.
- ❑ As familias non poden estar nas filas.
- ❑ Se algunha familia do alumnado de **5º ou 6º** considera que o seu fill@ pode **chegar ou marchar só do cole**, solicitará na secretaría do centro a correspondente autorización ou poderá descargala da páxina web. No caso de ter irmáns en cursos inferiores, poderán traelos e levalos coa correspondente autorización asinada polos seus proxenitor@s.
- ❑ Os proxenitor@s poderán autorizar a outros familiares ou persoas en quen deleguen para recoller aos seus fill@s ao final da xornada escolar, cubrindo a correspondente autorización dispoñible na secretaría do centro.

RECREOS

Os recreos están divididos en diferentes zonas, tres delas con xogos fixos e unha de xogo libre con materiais. Os diferentes ciclos irán rotando polas zonas semanalmente, excepto na zona de xogo libre. Nos recreos tamén se poderá facer uso da biblioteca. **O alumnado pode traer un xoguete da casa (non pelotas nin xoguetes bélicos) e terá que facerse responsable do mesm@.**

FALTAS DE ASISTENCIA

O dereito á educación do alumnado supón o deber dos pais/nais ou titor@s legais de garantir a súa escolarización e **asistencia regular e puntual** ao colexio.

A reiteración das faltas de asistencia e puntualidade serán susceptibles da aplicación das medidas recollidas pola Xunta de Galicia no Protocolo para a prevención do absentismo escolar. **As faltas de asistencia e puntualidade sempre deberán ser xustificadas polas familias, preferentemente por escrito e con xustificante. Os boletíns trimestrais de cualificación recollerán a información do número de faltas do alumnado por sesión correspondendo a cada día completo 6 sesións, contando o recreo como unha sesión. Cada catro faltas de puntualidade sen xustificar equivalen a unha falta de asistencia.**